



UNIVERSIDADE
DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO:

Barcia Rodríguez, Ignacio
Blanco Pesqueira, Antonia
Fernández Iglesias, Manuel
García Vázquez, Xosé Manuel
Lameiras Fernández, María
Longo González, M^a Asunción
Mato de la Iglesia, Salustiano
Valeije Álvarez, M^a Inmaculada
Vilán Vilán, Xosé Antonio

DECANOS/DIRECTORES:

Alonso Carrera, Jaime
Cabeza Pereiro, Jaime
De Lorenzo Rodríguez, Edita
García Fontán, Soledad
Lorenzo Cimadevila, Henrique
Pérez Abellás, Adolfo
Pita Grandal, Ana M^a
Rodríguez Berrocal, Fco. Javier
Suárez Pazos, Mercedes
Vázquez García, Celia

PDI-A:

Alba Castro, José Luis
Fernández Suárez, Emilio Manuel
Grande Seara, Pablo
Graña Rodríguez, Ana María
Martínez Cobas, Xabier
Meana Martínez, Juan Carlos
Pino Juste, Margarita

PDI-B:

Diz Ferreiro, Paula
Gil Villanueva, José María

ESTUDANTES:

PAS:

Cebro Rodríguez, Xan
Pérez Gómez, Luis

CONSELLO SOCIAL:

Martínez Gómez, César Enrique
Pérez Mato, Federico

SINDICATOS:

Fernández Fernández, Federico

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:

Estévez Toranzo, Margarita
De los Bueis Mellado, Jorge
López Díaz, María
Mejías Sacaluga, Ana María
Pou Saracho, Juan María

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, do 24 de xullo de 2013, convocada para as 9:30 horas en primeira convocatoria e ás 10:00 horas en segunda na Sala de Xuntas da Reitoría.

O día **24 de xullo de 2013**, ás 10:00 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 13 de xuño de 2013.
2. Informe do Reitor.
3. Aprobación, se procede, da declaración de interese de modificación do Grao en Enfermaría (curso de adaptación).
4. Aprobación, se procede, do título de Especialista en Mediación e Arbitraje.
5. Aprobación, se procede, do título de Especialista en Deseño de Moda.
6. Aceptación, se procede, da cesión gratuíta á Universidade de Vigo das parcelas 4A e 4B da Primeira Fase da Ampliación da Cidade Universitaria en cumprimento do convenio de colaboración suscrito o día 6 de xuño de 2012.
7. Aprobación, se procede, do Regulamento de atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo da Universidade de Vigo.
8. Aprobación, se procede, do Regulamento de voluntariado da Universidade de Vigo.
9. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Rochelle Business School* (Francia) – Memorandum de acordo entre a Universidade Católica de América (Estados Unidos) e a Universidade de Vigo – Convenio marco de cooperación entre a Universidade de Vigo (España) e a *Beni-Suef University* (Egipto) – Convenio específico entre a Universidade de Vigo (España) e a *Beni-Suef University* (Egipto).

10. Elección para cubrir as seguintes vacantes:

- Comisión de reclamacións a prazas de profesorado contratado: 1 estudante
- Comisión de investigación: 1 estudante
- Comisión de organización académica e profesorado: 2 estudantes; 1PDI
- Comisión de extensión universitaria e estudantes: 1 estudante; 1 PDI
- Comisión de planificación e asuntos económicos: 2 PDI

11. Rogos e preguntas.

Punto 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 13 de xuño de 2013.

Apróbase por asentimento.

Punto 2. Informe do Reitor.

O reitor centra a súa intervención nos seguintes puntos:

1. Convocatorias de prazas de PDI. Informa, que, a data de celebración do Consello de Goberno, aínda non hai autorización, por parte da Consellería de Facenda, da convocatoria de ningunha praza de PDI laboral fixo (profesorado contratado doutor) para ningunha das universidades do SUG. Que, dende a Consellería de Facenda, se analizará este tema conxuntamente co Ministerio de Facenda, co fin de aplicar a Lei de Orzamentos de Galicia, de tal xeito que se asegure a non impugnación das convocatorias. Que, sen embargo, estanse recibindo autorizacións para a cobertura das prazas solicitadas mediante contratacións de PDI laboral non permanente.

O indicado sobre o número de prazas de profesorado contratado doutor que se poden convocar, aconsella pospor a decisión sobre os criterios de selección de áreas para convocar prazas de PDI funcionario.

2. Respecto ao decreto de titulacións, informa que neste momento hai unha proposta de modificación. No senso de revisar os requisitos dos títulos de grao, condicionando a súa viabilidade á oferta dunha porcentaxe de materias comúns en varias titulacións.

3. Informa, que a pasada semana chegou o cuestionario do *Tribunal de Cuentas*, ao que xa fixo alusión en pasados informes. Resalta, que se trata dun cuestionario amplo, que inclúe petición de datos sobre orzamento, docencia e investigación etc.. Sinala, que o prazo de entrega remata antes do 9 de setembro.

4. Respecto da reunión da CRUE, que tivo lugar o pasado 20 de xuño, e a sesión do *Consejo de Universidades*, di que na asemblea da CRUE se constituíu un grupo de traballo, do que forma parte, para elaborar un documento sobre o modelo de universidade que poder levar á Comisión Mixta do Ministerio de Educación para a reforma universitaria. Os tres puntos prioritarios para o ministerio son o sistema de acreditación, o mapa de titulacións e a avaliación de centros e departamentos. Tamén, se acordou pedir a retirada do borrador do Real decreto de

Bolsas. Finalmente, no Consello de Universidades informouse este decreto, coa oposición das reitoras e reitores. Posteriormente, e tras xuntanzas do ministerio coas comunidades autónomas, revisouse a nota mínima para obter bolsa de matrícula.

Punto 3. Aprobación, se procede, da declaración de interese de modificación do Grao en Enfermería (curso de adaptación).

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Alumnado Docencia e Calidade, quen sinala que no Consello de Goberno do 13 de xuño, se aprobaron as declaracións de interese de modificación de títulos oficiais. A declaración de interese de modificación do Grao en Enfermería, que se presenta hoxe cando finalizou o prazo establecido, obedece a que, en principio, os centros afectados supoñían que o cambio que pretenden implantar relativo á implantación do curso de adaptación, non implicaba modificación da memoria, xa que na súa redacción xa se fai mención a este tipo de curso ponte e, de facelo, nun dos centros xa se está impartindo (POVISA). No entanto, se fixo unha consulta a ACSUG, que informou que un cambio deste tipo si implicaba modificación da memoria. A razón é que a implantación dun curso de adaptación, pode supoñer nos centros necesidades de recursos engadidos dos que habería que xustificar a súa dispoñibilidade.

O vicerreitor engade, que a declaración de interese que se presenta ten o informe positivo da COAP e, de aprobarse neste Consello de Goberno, seguiría a partir de agora un proceso acorde co calendario establecido.

Apróbase por asentimento.

Punto 4. Aprobación, se procede, do título de Especialista en Mediación e Arbitraje.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Alumnado Docencia e Calidade, quen informa que o curso de especialista que se presenta ten os informes positivos de Control Interno e da Sección de Títulos, e tamén co informe favorable da COAP, celebrada o pasado día 22 de xullo.

A continuación, engade que foi promovido dende o Dpto. de Dereito Público e que, segundo se recolle na documentación aportada, é un curso que se impartirá na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo baixo a dirección das profesoras Esther González Pillado e Francisca Fariña; e terá como principal obxectivo a formación de mediadores tanto non ámbito civil -incluída a mediación familiar- coma no mercantil. É un título que proporciona a formación específica esixida para actuar como mediador ou mediadora no ámbito civil e mercantil.

Apróbase por asentimento.

Punto 5. Aprobación, se procede, do título de Especialista en Deseño de Moda.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Alumnado Docencia e Calidade, quen informa que se trata dun curso de especialista promovido dende a Facultade de Belas Artes. Que tamén

foi aprobado na COAP, o pasado día 22, como poden ver na documentación aportada, xunto con tres cursos de formación que lle están vinculados.

Informa, que o curso de especialista que se somete a consideración do Consello de Goberno, como nos tres cursos de formación, aproveita os recursos da actual titulación de Titulado Superior en Deseño Téxtil e Moda. Que se suscita como unha forma de ampliar a oferta formativa aproveitando o potencial existente, e dentro dun plan para facela sostible coa captación dun tipo de estudantado cunhas necesidades formativas distintas ao da titulación actual.

Apróbase por asentimento.

Punto 6. Aceptación, se procede, da cesión gratuíta á Universidade de Vigo das parcelas 4A e 4B da Primeira Fase da Ampliación da Cidade Universitaria en cumprimento do convenio de colaboración suscrito o día 6 de xuño de 2012.

O reitor cede a palabra á secretaria xeral, quen informa con arranxo aos seguintes puntos:

1. Normativa e procedemento de aceptación de bens inmobles pola Universidade. Sinala, que na Lei 6/2013, de 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia, dispón no artigo 75 que é competencia do Consello Social da Universidade *Aprobar, por proposta do Consello de Goberno, a aceptación pola Universidade de herdanzas, doazóns ou legados*. Esta competencia reproducese no art. 3 do Regulamento de organización e funcionamento do Consello Social da Universidade de Vigo.

2. Competencia do Consello de Goberno. Que, en atención a dita normativa, tráese a este Consello de Goberno a proposta da aprobación da proposta de aceptación da cesión gratuíta á Universidade de Vigo das parcelas 4A e 4B da primeira fase de ampliación da Cidade Universitaria, en cumprimento do Convenio de Colaboración suscrito o día 6 de xuño de 2012 entre o Alcalde de Vigo e o Reitor da nosa Universidade (publicado DOG núm. 129 de 6 de xullo de 2012).

Que, ao amparo de dito convenio, o Concello de Vigo se comprometeu a ceder a favor da Universidade de Vigo, gratuitamente, en pleno dominio e libre de cargas, as parcelas integrantes da primeira fase do proxecto expropiatorio para a ampliación Cidade Universitaria de Vigo, en Marcosende, na parroquia de Zamáns, identificadas no plano como parcelas 4A e 4B (imaxe mostrada aos membros do Consello de Goberno en pantalla).

3. Descrición dos predios obxecto da cesión; dos que destaca que na actualidade son bens de titularidade municipal por adquisición onerosa por procedemento expropiatorio. Que están inscritos como predios rexistrados núms. 81.542 e 81.544 no Rexistro da Propiedade núm. 2 de Vigo, e contan cunha superficie total de 264.612 metros cadrados.

Que, non obstante, son o resultado da agrupación polo expediente de expropiación por unha banda de 354 parcelas (como Parcela 4A con unha superficie de 251.475 m²) e doutra parte de 12 parcelas obtidas do mesmo xeito e para idéntico fin (referenciada como Parcela 4B cunha superficie de 13.137 m²). Que ambas denominacións corresponden a identificación gráfica no

plano parcelario elaborado pola Oficina de Cartografía da Xerencia de Urbanismo e subscrito polo topógrafo municipal, en data 13 de maio de 2011, no que se reflicten os terreos obxecto de cesión.

A día de hoxe as dúas parcelas forman unha única referencia catastral (cuxa enumeración omite dada a súa complexidade numérica 6788501NG2668N00001RU) que figura na diapositiva en cor verde.

4. Documentación aportada. Expón, que na documentación que se lles achegou figura copia do certificado da acta de Consello de Xerencia, de Xerencia Municipal de Urbanismo do Excmo Concello de Vigo, de 21 de xuño do 2013, na que consta acordo acadado por unanimidade da cesión gratuíta á Universidade de Vigo; na mesma acta recóllense os compromisos subscritos pola Universidade de Vigo e que están descritos nos acordos Terceiro e Cuarto do Convenio de Colaboración, de 6 de xuño de 2012.

5. Exposición resumida da tramitación do expediente. Sinala, que na acta dise que a cesión gratuíta das parcelas mencionadas se realizan en cumprimento do convenio de colaboración subscrito ao que xa se fixo referencia, pero que á súa vez son produto dunha serie de compromisos previamente adquiridos e de acordos plenarios, que polo seu interese paso a reproducir os máis importantes:

O inicio do expediente expropiatorio iniciouse o día 11/09/1992, data no que o Concello en sesión plenaria aprobou definitivamente a delimitación dunha superficie de 300.413 m² na parroquia de Zamáns, para o proxecto de “Ampliación da Cidade Universitaria. 1ª Fase”, ó tempo que se acordaba declarar definitivamente a súa utilidade pública e a necesidade de urxente ocupación dos bens, recoñecida en virtude do D.363/1992, do 11 de decembro, da Consellería de Presidencia e Administración Pública da Xunta de Galicia (DOG nº 249, do 23.12.1992).

Posteriormente foron tramitadas polo Concello de Vigo as correspondentes actas de ocupación e pagamento. A documentación correspondente á tramitación do procedemento expropiatorio de referencia figura no expediente administrativo municipal nº 747/130.

Por acordo plenario do 26.02.1993, tal como consta nos antecedentes da documentación obrante no expediente de referencia, o Concello de Vigo comprometeuse no seu día coa Universidade de Vigo a cederlle formalmente a titularidade dominical dos terreos, unha vez expropiados e inscritos no Rexistro da Propiedade.

Tamén consta unha comunicación do Alcalde ao reitor, con data de ou 18 de marzo de 1993, no que se di que en concordancia co expresado polo pleno no acordo plenario referido, precisábase que nas circunstancias anteditas a Universidade de Vigo podía facer uso dos terreos do ámbito expropiado. Deste xeito, estas parcelas veñen utilizándose pola Universidade de Vigo de forma pública e notoria, que ostenta a posesión das mesmas coa autorización do Concello de Vigo.

De acordo co anterior, a secretaria xeral somete a consideración do Consello de Goberno a proposta de aceptación das parcelas, informando que o seguinte paso será someter a proposta de aceptación ao Consello Social, que autorizará ao reitor para formalizar e asinar o outorgamento da correspondente escritura pública de cesión gratuíta.

Para rematar, toma a palabra o reitor para salientar a complexidade e a duración do proceso. Di, que tendo en conta o elevado número de parcelas de orixe incluídas no proxecto expropiatorio (366 parcelas), o longo tempo transcorrido desde a súa finalización (case 20 anos) e mesmo as insuficiencias da documentación municipal dispoñible para dar cumprimento ás esixencias da normativa rexistral (descrición de parcelas e nomeamentos, identificación de titulares, planimetría, actas de ocupación e pagamento), non foi posible rematar o proceso ata o día 21 de xuño de 2013, na sesión ordinaria do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en que se aproba definitivamente a cesión gratuíta á Universidade de Vigo das parcelas 4A e 4B da Primeira Fase da ampliación da Cidade Universitaria, en cumprimento do convenio de colaboración suscrito o día 6 de xuño de 2012.

Apróbase por asentimento a proposta de Aceptación da cesión gratuíta á Universidade de Vigo das parcelas 4A e 4B da Primeira Fase da Ampliación da Cidade Universitaria, en cumprimento do convenio de colaboración suscrito o día 6 de xuño de 2012.

Punto 7. Aprobación, se procede, do Regulamento de atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo da Universidade de Vigo.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais, quen comeza dicindo que o presente regulamento, pioneiro no sistema universitario español, enmárcase dentro do compromiso que a Universidade de Vigo, por imperativo do art. 100 dos Estatutos, ten coas persoas da nosa comunidade universitaria que precisan de condicións especiais para desenvolver os seus estudos, a súa actividade laboral e integración na vida universitaria.

Continua dicindo, que o Regulamento de atención ao estudantado con necesidades específicas de apoio educativo, está dirixido a garantir a igualdade de oportunidades e a axeitada atención ao estudantado con necesidades específicas de apoio educativo. Sinala, que é unha medida coa que se quere garantir unha especial consideración para todos aqueles alumnos e alumnas que vivan unha situación excepcional, como a de discapacidade, enfermidade ou lesión, embarazo etc.

Informa, que o regulamento se estrutura en catro capítulos: Capítulo I, disposición xerais; Capítulo II, da Comisión Técnica de Atención ao Estudantado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo; Capítulo III, funcións e a adscrición da Unidade de Atención ao Estudantado con Necesidades Específicas de Apoio Aducativo; e, para rematar, o Capítulo IV que regula os protocolos de actuación en materia de atención ás persoas con necesidades específicas de apoios educativos.

Completa a súa exposición pormenorizando que o regulamento se articula arredor de dous instrumentos fundamentais: unha comisión técnica e unha Unidade de Atención ao

Estudiantado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo -UNATEN-, que terá como principal función a de manter actualizado e enriquecer de xeito continuo o coñecemento institucional sobre a atención ao estudiantado con necesidades específicas de apoio educativo, de xeito que as experiencias, os resultados, os contactos, as fontes de información, as fontes de financiamento e outros recursos estean sempre dispoñibles e sirvan de punto de partida para atender calquera novo caso que se poida presentar.

Para rematar, agradece a colaboración e aportacións realizadas na redacción dos documentos por procedentes dos diversos ámbitos de coñecemento social, xurídico e educativo sanitario.

Ábrese unha quenda de intervencións.

Toma a palabra a Prof^a Ana Pita Grandal, quen agradece ao vicerreitor o esforzo que fixo coa o redacción da normativa, por canto recolle as diversas situacións que poden precisar necesidades especiais. No entanto, fai as seguintes apreciacións:

Na súa opinión, a normativa adoece dunha excesiva burocracia e prescinde do papel dos centros; así mesmo, que non se pode elaborar un plan de actuación se non se ten en conta ao persoal docente que vai tutelar ao estudante na súa aprendizaxe, pero o persoal docente non ten formación para resolver determinados tipo de discapacidades psíquicas - pon como exemplo estudantes con síndrome de asperger-.

Sinala, que, como decana, demanda instrumentos que permitan dar resposta a cada caso concreto de xeito inmediato; reclamou tamén a posibilidade de poder contar co asesoramento de persoal especializado na doenza concreta, que poida presentar un determinado alumno de xeito ordinario e non excepcional, como figura na normativa.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor, quen sinala que a normativa recolle moitas das suxestións aportadas pola profesora Ana Pita Grandal. Que, ata o artigo 15 permite as colaboracións do estudiantado no desenvolvemento do PIUNE, por canto a citada colaboración terá o recoñecemento académico en créditos por actividades extraacadémicas.

No entanto, sinala que é preciso distinguir o debate sobre o contido da normativa, cuxa finalidade é implantar protocolos con carácter global e para todo tipo de necesidades especiais, e as respostas que se deben dar a situacións extraordinarias e urxentes. Ante unha situación específica que precise a análises de expertos para implantación dun programa de atención personalizada, a solución pasa por autorizalo o vicerreitor vinculado ao ditame da comisión técnica.

Intervén a Prof. Ana Pita, para reclamar tamén a posibilidade de poder contar co asesoramento de persoal especializado na doenza concreta que poida presentar un determinado alumno de xeito ordinario e non excepcional, como figura na normativa.

Acórdase que esta suxestión sexa tida en conta e que pase formar parte da redacción final do novo regulamento.

O vicerreitor solicita que se aprobe a normativa. Apróbase por maioría, coa abstención da Prof. Ana Pita Grandal, o Regulamento de atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo da Universidade de Vigo (**Anexo I**). A suxestión que foi tida a ben, pasará a formar parte da redacción final do novo regulamento.

Punto 8. Aprobación, se procede, do Regulamento de voluntariado da Universidade de Vigo.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais, quen tras expor brevemente a normativa que regula as actividades de voluntariado, di que até o de agora a Universidade de Vigo carecía dun regulamento específico sobre esta materia. Que, a proposta de regulamento que se presenta ten como obxectivo ofrecerlle a comunidade universitaria, e fomentar entre ela, a posibilidade de participar como voluntario en actividades de solidariedade e cooperación, programadas pola propia universidade ou desenvolvidas no marco de acordos específicos para voluntariado asinado con entidades acollidas sen ánimo de lucro. Sinala, que no documento se definen explicitamente cales son os dereitos e os deberes das persoas voluntarias e das entidades de acollida, fixando os obxectivos estratéxicos da institución en materia de voluntariado, e definindo as accións de voluntariado dentro dun programa dirixido á atención concreta de necesidades de interese xeral.

Apróbase por asentimento (**Anexo II**).

Punto 9. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Rochelle Business School* (Francia) – Memorandum de acordo entre a Universidade Católica de América (Estados Unidos) e a Universidade de Vigo – Convenio marco de cooperación entre a Universidade de Vigo (España) e a *Beni-Suef University* (Egipto) – Convenio específico entre a Universidade de Vigo (España) e a *Beni-Suef University* (Egipto).

Apróbanse por asentimento.

Punto 10. Elección para cubrir as seguintes vacantes:

- Comisión de reclamacións a prazas de profesorado contratado: 1 estudante
- Comisión de investigación: 1 estudante
- Comisión de organización académica e profesorado: 2 estudantes; 1PDI
- Comisión de extensión universitaria e estudantes: 1 estudante; 1 PDI
- Comisión de planificación e asuntos económicos: 2 PDI

O reitor cede a palabra á secretaria xeral, quen dá lectura á información que se recolle seguidamente. En primeiro lugar, sinala que non é preciso celebrar eleccións, xa que nas distintas comisións se presentaron o mesmo número de candidaturas que postos vacantes polo sector do PDI. Os representantes dos estudantes non presentaron ningunha candidatura, polo que continúan vacantes os postos nas comisións.

1) Comisión de reclamacións a prazas de profesorado contratado: 1 estudante

Non se presentou ningunha candidatura, polo que queda vacante.

2) Comisión de investigación: 1 estudante

Non se presentou ningunha candidatura, polo que queda vacante.

3) Comisión de organización académica e profesorado: 2 estudantes; 1PDI

Só se presentou unha candidatura D. Jaime Alonso Carrera, polo sector do PDI. Quedan vacantes os dous postos polo sector estudantes.

4) Comisión de extensión universitaria e estudantes: 1 estudante; 1 PDI

Só se presentou unha candidatura Dna. Eva Lantarón Caeiro, polo sector do PDI. Queda vacante o posto polo sector estudantes.

5) Comisión de planificación e asuntos económicos: 2 PDI

Presentaron candidaturas D. Francisco Javier Rodríguez Berrocal e Dna. Edita De Lorenzo Rodríguez.

En consecuencia, pasan a formar parte das citadas comisións delegadas de Consello de Goberno:

- Comisión de organización académica e profesorado: Prof. D. Jaime Alonso Carrera, polo sector do PDI.
- Comisión de extensión universitaria e estudantes: Prof^a Dna. Eva Lantarón Caeiro, polo sector do PDI.
- Comisión de planificación e asuntos económicos: Prof. D. Francisco Javier Rodríguez Berrocal e Dna. Edita De Lorenzo Rodríguez, polo sector do PDI.

Punto 11. Rogos e preguntas.

Non hai rogos nin preguntas.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 11:30 horas do día 24 de xullo de 2013 da que eu como Secretaria Xeral dou fe co visto e prace do Reitor.

O Reitor



Salustiano Mato de la Iglesia

A Secretaria Xeral



M^a. Inmaculada Valeije Álvarez